

ACTA NÚM. 12 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E CINCO DE XULLO DE 2013.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **NOVE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **vinde e cinco de xullo de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Don Adrián Varela Sarandeses.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Mejjide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten os/as concelleiros/as Dona Mar Martín García, Dona María de los Reyes Leis Rodríguez, Dona María Castelao Torres e D. José Luis García Bello.

ORDE DO DÍA:

Declaración institucional do Concello de Santiago con motivo do accidente ferroviario do 24 de xullo de 2013.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba a seguinte declaración institucional do Concello de Santiago con motivo do accidente ferroviario do día 24 de xullo de 2013:

“Santiago de Compostela sufriu no día de onte o accidente máis grave da súa historia, o descarrilamento do tren que cubría a liña Madrid-Ferrol ocasionou un gran número de vítimas mortais e moitos feridos de distinta consideración.

A capital de Galicia no día de todos os galegos, síntese solidaria coas vítimas e as súas familias, poniéndose a súa disposición en todo momento con todos os medios humanos e materiais que as institucións teñan ao seu alcance.

Compostela os seus veciños e os seus visitantes demostraron o carácter dun pobo unido, solidario, preocupado e implicado ante unha desgraza de tal magnitude como a que vivimos onte.

A suspensión dos actos festivos do día de Galicia e a declaración de sete días de loito oficial, simbolizan a nosa desolación e tristura e representan o pésame de toda unha cidade aos familiares dos falecidos e dos feridos.

Queremos agradecer o esforzo e a entrega sen límites de toda a cidade cidadanía, colectivo, empresas e profesionais que estiveron colaborando coa administración na atención ás vítimas e as súas familias.

Santiago de Compostela agradece a solidariedade nesta traxedia, facendo especial mención aos veciños e veciñas de Angrois que dende o primeiro momento entregaron todos os seus esforzos para axudar nesta catástrofe.

Santiago de Compostela, 25 de xullo de 2013, día de Galicia.”

O Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as 9:35 horas. Dou fe.